

X CARREIRA SOLIDARIA DO C.P.I TOURAL

Estimadas Familias:

Con motivo do final de curso, o vindeiro luns 5 de xuño, temos organizada unha actividade lúdica cunha carreira solidaria a favor da campaña GOTAS de UNICEF como axuda a infancia de Ucraína na que pode participar, de maneira voluntaria, toda a comunidade educativa doando 1€ por participante.



“A principios de 2023, Verónica, de 10 anos, visita o que antes era o edificio onde vivía para alimentar a tres gatos. “Alí, na novena planta, onde se ve unha porta marrón, estaba a miña habitación. Tiña unha cama grande, moitos xoguetes e un teléfono. Pero unha bomba arruinouno todo”. UNICEF traballa na súa cidade, Borodianka, e outros lugares de Ucraína para dar apoio psicosocial a nenos e nenas afectados polo trauma da guerra.

Desde febreiro de 2022 os nenos, nenas e adolescentes ucranios viven unha situación difícil, tanto aqueles que permaneceron no país como os que fuxiron como refuxiados a outros países. UNICEF proporciona axuda de emerxencia, subministracións, provisión de auga potable, atención psicosocial e protección aos nenos e nenas que máis o necesitan nesta guerra.

Horarios orientativos

CURSOS	HORARIO
Galiña Azul	10:00 - 10:15
Ed. Infantil	10:15 – 10:30
1º Ciclo Ed Primaria	10:15 - 10:30
2º Ciclo Ed Primaria	10:30 - 10:45
3º Ciclo Ed Primaria	10:45 - 11:00
Profesorado e Persoal	11:00 - 11:15
Familias	11:15 - 11:30
1º Ciclo ESO	12:00 - 12:20
2º Ciclo ESO	12:20 - 12:40

ESPERAMOS CONTAR COA VOSA PARTICIPACIÓN